CATÁLOGO DE PERFÍS PROFESIONAIS DE FUTURO

2030

O PROXECTO

A **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en colaboración con FEUGA,** pon en marcha esta iniciativa que, sobre a base dunha análise de prospectiva e tendencias con impacto no emprego de Galicia en 2030, desenvolve un **catálogo de perfís profesionais de futuro**, que servirá para definir un **conxunto de novas titulacións e especialidades universitarias** acordes coas necesidades e esixencias da sociedade e do mercado vindeiros.

Na segunda fase do proxecto realizarase unha análise exhaustiva do mapa actual de titulacións do **Sistema Universitario Galego**, que se cotexará co catálogo, así como unha análise benchmark internacional de universidades e titulacións de interese. A continuación definirase unha proposta preliminar de novas titulacións e especialidades para Galicia que será sometida a contrastes con expertos da contorna empresarial e académica galega. Esta será a base da **proposta de initiva de novas titulacións e especialidades universitarias para o horizonte temporal 2030**.

ESTRATEXIA INTEGRAL

EXPERTOS LOCAIS, NACIONAIS E INTERNACIONAIS

ENFOQUE MULTIACTOR

PROXECTO VIVO E PARTICIPATIVO

EXPERIENCIA PIONEIRA

XUNTA DE GALICIA

CONTEXTO

As **tendencias tecnolóxicas, ambientais e socioeconómicas**, unidas á evolución imparable da ciencia e a tecnoloxía, converteranse , sen dúbida, nos **alicerces sobre os que se asentará o emprego do futuro**. A prospectiva e a análise experta erízense deste xeito como as únicas ferramentas coas que podemos adiantarnos e **prepararnos para esta nova realidade**. Esta anticipación, xunto cunha **toma de decisións axeitada** no ámbito da educación superior, son chaves para responder ás necesidades de emprego cualificado nas próximas décadas e establecer as bases dunha economía competitiva e un mercado laboral futuro máis sólido, prometedor, inclusivo e próspero para todos.

O **Catálogo de Perfís Profesionais de Futuro** recolle **30 roles profesionais de futuro que foron priorizados no desenvolvemento do proxecto** e que están **aliñados coa realidade e as necesidades de emprego** dos próximos anos do tecido empresarial e social de Galicia.

25 **sectores** da economía rexional

19 **tendencias** tecnolóxicas, ambientais e socioeconómicas

+425 **expertos** participaron nas **actividades colaborativas** do proxecto

Porcentaxe do **PIB actual de Galicia** analizado

+150 **roles profesionais** analizados para o proxecto

+80 **entrevistas realizadas** con expertos

+160 **expertos participantes** nas mesas de traballo

METODOLOXÍA

1. Selección das principais macrotendencias (tecnolóxicas, ambientais e socioeconómicas)
2. Selección dos sectores de actividade analizados
3. Impacto das tendencias no emprego dos sectores da economía galega
4. Selección dos 30 roles profesionais de futuro para Galicia (transversais e específicos)

TENDENCIAS

TECNOLOXICAS
Automatización, robótica e intelixencia artificial
Big data e analítica
Biotecnoloxía
Blockchain
Ciberseguridade
Cloud
Computación cuántica
Fabricación aditiva
IoT
Materiais avanzados
Nanotecnoloxía
Realidade virtual e aumentada

SOCIOECONOMICAS
Cambio demográfico
Economía colaborativa
Hábitos de vida e consumo saúdables
Personalización de produtos e servizos

AMBIENTAIS
Descarbonización
Economía circular e sustentabilidade

Macrotendencias identificadas 19

Identificación preliminar de macrotendencias e factores de cambio globais

Criterios de selección

Impacto sectorial

Volumetría de emprego futuro

Apoio institucional

18 tendencias seleccionadas

Cruzamento das tendencias cos criterios de selección

- O impacto das principais **macrotendencias globais** (tecnolóxicas, ambientais e socioeconómicas) no tecido empresarial e institucional galego converterase na fonte de creación de emprego de titulados universitarios máis relevante dos próximos anos, xerando unha ampla variedade de novos roles profesionais.

- A necesaria asunción por parte das empresas de **retos ambientais** que transcenden as nosas fronteiras, como a descarbonización, a sustentabilidade ou a economía circular, e o forte impacto de **tendencias sociais e económicas** como o cambio demográfico e os novos hábitos de vida e consumo saudables, xerarán tamén emprego no mercado laboral dos próximos anos.

SECTORES

- Aeronáutica
- Agroalimentación
- Audiovisual
- Automoción
- Benestar social
- Biotecnoloxía
- Comercio
- Construción
- Educación
- Enerxía
- Residuos
- Madeira
- Mar – Industria
- Naval
- Sector público
- Servizos financieiros
- Servizos profesionais
- Saúde
- Téxtil
- TIC
- Transporte e loxística
- Xestión da augua

Situación de partida

Análise integral da economía galega

Análise dos distintos sectores de actividade económica

Criterios de selección

Dimensión (contribución ao PIB)

Crecemento (evolución do PIB)

Especialización (peso relativo no PIB estatal)

Carácter estratéxico para Galicia

Peso de titulados superiores no emprego do sector



22 sectores seleccionados

Cruzamento dos sectores cos criterios de selección

Contraste con expertos (Administración, Universidade e tecido empresarial galego)

- Os sectores da economía galega onde se estima que haberá un maior crecemento de emprego neto de titulados universitarios son saúde, TIC, sector público, biotecnoloxía e educación, e agruparán conxuntamente en torno ao 70 % do emprego de titulados superiores de Galicia

- O desenvolvemento económico e social de Galicia a futuro estará en boa parte condicionado pola capacidade do sistema de educación superior de responder con axilidade e flexibilidade ás demandas cambiantes do tecido empresarial

- Os perfís profesionais directamente vinculados co impacto das tendencias tecnolóxicas, como a IoT, o big data, a ciberseguridade, a automatización, a robótica e a intelixencia artificial ou a realidade virtual e aumentada, xurdirán na práctica totalidade dos sectores como consecuencia da ineludible transformacion dixital, e serán os que xeren unha maior demanda de emprego a futuro en Galicia

NOVOS ROLES PROFESIONAIS DE TITULACIÓN UNIVERSITARIA

ROLES TRANSVERSAIS

1. Arquitecto big data
2. Científico de datos
3. Técnico, experto ou especialista en automatización industrial
4. Técnico, experto ou especialista blockchain
5. Técnico, experto ou especialista en ciberseguridade
6. Técnico, experto ou especialista en economía circular
7. Técnico, experto ou especialista en experiencia do cliente
8. Técnico, experto ou especialista en fabricación aditiva
9. Técnico, experto ou especialista en intelixencia artificial
10. Técnico, experto ou especialista en IoT
11. Técnico, experto ou especialista en materiais avanzados
12. Técnico, experto ou especialista en nanotecnoloxía
13. Técnico, experto ou especialista en realidade estendida
14. Técnico, experto ou especialista en robótica
15. Técnico, experto ou especialista en sistemas aéreos non tripulados
16. Técnico, experto ou especialista en sistemas de tempo real

ROLES ESPECÍFICOS

17. Abogado tecnolóxico
18. Biotecnólogo de alimentos
19. Deseñador de órganos e tecidos
20. Técnico, experto ou especialista en construción sustentable
21. Técnico, experto ou especialista en cronicidade e novos modelos de atención
22. Técnico, experto ou especialista en e-health
23. Técnico, experto ou especialista en goberno dixital
24. Técnico, experto ou especialista en innovación educativa
25. Técnico, experto ou especialista en sistemas alternativos de propulsión
26. Técnico, experto ou especialista en smart grids
27. Técnico, experto ou especialista en téxtiles intelixentes
28. Técnico, experto ou especialista en tratamento avanzado de augas
29. Técnico, experto ou especialista en vehículos autónomos
30. Xenómico

+ 150 roles analizados

Análise sectorial de roles profesionais de futuro

Fontes de información externas

Criterios de selección

Actividades participativas con expertos sectoriais (entrevistas, mesas de traballo, cuestionarios Delphi,...)

Análise de proxección de emprego sectorial de titulados superiores a 2030

30 roles profesionais

Cruzamento da priorización realizada polos expertos e a proxección de emprego sectorial de titulado

CONCLUSIÓNS

- O futuro do emprego de titulados superiores en Galicia estará liderado por profesionais altamente cualificados e especializados
- O mercado laboral dos vindeiros anos estará liderado polos profesionais STEAM, é dicir, profesionais con competencias tecnolóxicas e científicas, pero tamén competencias en creatividade, deseño ou pensamento diverxente, vinculadas coa arte
- As competencias persoais seguirán sendo diferenciais e constituirán un dos principais eixes de actuación do sistema educativo nos próximos anos, en particular competencias como a capacidade para resolver problemas, a capacidade de razoamento, o pensamento crítico, a capacidad de innovación, a curiosidade, a mentalidade aberta e a capacidade de aprendizaxe constante
- As competencias innatas derivadas das ciencias sociais e humanísticas, o seu encaixe en innumerables ámbitos da sociedade do futuro e o desenvolvemento de novas áreas como as humanidades dixitais, farán que non só a tecnoloxía, senón tamén estas disciplinas, resulten chaves para abordar con éxito os novos retos e desafíos do século XXI
- A maior transversalidade e flexibilidade nos currículos, o incremento do cruce de fronteiras entre disciplinas (boundary crossing), así como a complementariedade de coñecementos, constitúen elementos esenciais para responder á realidade que está por chegar.
- Aliñar a oferta do sistema educativo universitario galego coas demandas do tecido empresarial resultará crítico a futuro para garantir a empregabilidade dos seus titulados e cumprir coa súa función de contribuir ao desenvolvemento socioeconómico do territorio no que se asenta.
- Os graos xeneralistas e a especialización a través de másters e cursos resultarán chave a futuro para garantir a empregabilidade dos titulados e a axeitada adaptación da formación universitaria ás necesidades do tecido empresarial e social. Esta aposta debería implicar, segundo os expertos consultados, unha revisión exhaustiva da oferta actual de graos e un cambio na súa concepción.
- O desenvolvemento de novas modalidades de titulacións será unha das tarefas urxentes a realizar pola universidade nos próximos anos. Os expertos apostan polos graos e másters duais, que combinan de xeito efectivo a formación universitaria e a formación na empresa ao estilo da Formación Profesional dual, e os graos mixtos e dobres, que aglutinan os coñecementos de varias disciplinas. Os expertos consideran interesantes fundamentalmente estes últimos graos para titulacións afíns ou comprementarias e para compaxinar coñecementos TIC con coñecementos en humanidades e ciencias sociais.
- O vertixinoso avance das novas tecnoloxías, así como os cambios na propia concepción da formación, deberán dar lugar nos próximos anos a un sistema universitario en Galicia máis flexible e adaptable, capaz de ofrecer a un público obxectivo cada vez máis diverso a posibilidade de elixir como, que, onde, cando e con quen formarse, e expandir a súa actividade alén da aula ou do campus universitario.
- A universidade do futuro deberá reorientar as humanidades e as ciencias sociais cara a procura de solucións, desde as súas áreas de coñecemento, aos problemas e necesidades da sociedade do futuro, así como fomentar a complementariedade dos coñecementos tecnolóxicos e humanísticos e sociais.